## Acción 4-. Centro de Recursos SAEP



O Centro de Recursos SAEP é un espazo físico (Concellaría de Emprego) e virtual (www.porremprego.org) a través do cal se posibilita a transformación dunha idea nun proxecto empresarial viable e consolidado. Inclúe unha serie de accións que permitirán que o Concello do Porriño se converta nun espazo dinámico onde sexa posible emprender, crear e crecer dentro do tecido empresarial da vila.

Grazas á posta en marcha da nova web da Concellaría de Emprego -na que se incorporarán constantemente contidos e aplicacións de utilidade para os emprendedores-, e do Servizo Porremprego On-Line preténdese que os usuarios poidan efectuar as seguintes actuacións:

- Elaboración do plan de empresa,
- Acadar información inicial sobre os pasos a seguir para a constitución da empresa,
- Ter información actualizada sobre axudas, subvencións, mecanismos de financiamento...,

sen restricións de tempo ou espazo.

Preténdese que dita páxina sexa un recurso vivo, dinámico e en constante cambio, no que periodicamente se introduzan novos contidos, convertindose nun instrumento esencial para emprendedores e desempregados.

Así mesmo, constiturá un mecanismo de difusión que permitira a todolos cidadáns coñecer en tempo real as actuacións a desenrolar pola Concellaría de Emprego.

| CENTRO DE RECURSOS SAEP | |
|---|---|
| OBXECTIVOS | Facilitar aos usuarios os servizos, a información e as ferramentas necesarias para poder emprender, sen que o tempo e o espazo sexan un obstáculo para a execución do proxecto. |
| CARACTERÍSTICAS XERAIS | Medios e ferramentas postos a disposición dos emprendedores para facilitarlles o inicio da actividade.<br><br>Procederase a publicación dun Boletín Informativo "Porremprego", onde se reflexarán todas as convocatorias abertas con información relevante para os emprendedores. Dito semanario será publicado na web www.porremprego.org e distribuído en formato papel en distintos puntos da vila. |
| DESTINATARIOS | Emprendedores que queiran constituír a súa empresa na área do Porriño. |
| FORMA DE ACCESO | - Presencialmente: Concellaría de Emprego.<br>- On-line: www.porremprego.org |

| | |
|---|---|
| EQUIPO | - Dous Técnicos de Emprego.<br>- Equipo Administrativo. |
| PREVISIÓN ANUAL | Estimanse unhas 3000 visitas ao ano. |
| FINANCIAMENTO | Concello do Porriño. |

